

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 24/06/1974

Colección:

Data: 24/06/1974

De:

Marino Dónega;

Para:

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

Orixe:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con firmas autógrafas]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Espazos artísticos;

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Álvaro Gil Varela; Julián Marcos; Fernanda Sánchez Figueiras;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 24/06/1974

A Cruña, 24.6.74
Maruxa e Luis Seoane
Bs. As.

Benqueridos e admirados amigos:

Antonte, 22, ficou rematada a redacción definitiva dos Estatutos do Museo. O Isaac fixo algunhas observacións –poucas e atinadas– ao anteprojecto que no seu día tíñalle entregado. Todas elas certamente recelosas mirando cara ó futuro goberno da Fundación. Non entro en pormenorizacións porque xa séi que non deixa de vos informar dos pasos que ven dando. Nembargantes, e por si non o conocérades, envíovos copia do programa de actuacións máis inmediatas por íl argallado verbo do choio. Semellan lóxicas e ben ordeadas. Asegún anunciou, pensa entregarlle o projecto no día de hoxe ao Notario de Betanzos, Julián Marcos, para a súa formalización.

Como veredes, desta vez parez que a cousa vai en serio, aínda que o pleito que vén soportando impónlle pausas que ben quixera refugar. Houbo un novo intento de arranxo amigable propiciado, agora, polo propio Xuez coa intervención de Sebastián. Mais foi outro fracaso. Unha verdadeira mágoa. O noso amigo pretende, no fondo, un imposible: que as cousas fiquen atal e como estaban, un “borrón y cuenta nueva”, unha perdoanza xeneral aos seus contrarios enviándolles, por riba, a súa benzón urbi et orbe. Os contrarios –típicos capitalistas, ao fin– andan máis co dito dos feirantes: “si, si, pero a vaquiña polo que val”. E, si posible for, por algo máis do que valla. Haberá, logo, que agardar por unha resolución xudicial que nada vai arranxar. Porque, de ganar o noso amigo, coa separación dos socios terá que liquidarlles a súa parte. E xa estamos de novo no problema. Eu ben lle espliquéi que estamos diante dun pleito de divorcio e que, separados os cónxugues, é preciso liquidar a sociedade de gananciáis. Pero non o entende, ou non o quere entender. Eu máis ben penso na primeira hipótese. Ben dotado prás artes plásticas, agarimado por Mercurio, sabedor, introductor e millorador de toda clás de tecnoloxías, o dereito resísteselle incomprendiblemente. Nin o intúi, nin o cheira. Cousa ben rara nun galego. Eu coído que, por non ter tripado na aldea, o noso amigo é un galego de libro ou, si queredes, de piso. E ímola andando. No tocante ao voso pleito, diréivos que rematou como si dunha novela rosa se tratara. Cobrou a vosa Compañía, quedáchedes como uns cabaleiros que sodes, e o voso “agresor” foi absolto. E aquí paz e despois gloria.

Por eiquí vense advertindo certo desacougo nas xentes. Os tirios pensan que algo teñen que facer, aínda que batan adoito con resistencias no propio campo que, ás veces, parecen insuperables. E os troiáns –mália a leva– andan desnortados, inquedos e ás atoutiñadas. A realidade é complexa, endiañadamente complexa, e resístese aos análises máis serios e concienzudos. E o contexto xeneral, cambiante e tornasolado, por si non abondara, aínda ven introducir novos confusionismos. E dentro dél, queiramos ou non, atopámonos mergullados a piques do noxo.

Sin máis por hoxe, i en agarda de que o noso saldo epistolar saia dos números roxos, recibide unha cordialísima aperta dos vosos certos e invariables amigos.

Fernanda
Dónega

PRIMERAS OPERACIONES QUE PODRÁ REALIZAR EL PATRONATO DE LA FUNDACIÓN DEL MUSEO CARLOS MASIDE CON EL I.G.A

Donación del terreno con la siguiente cláusula: “El I.G.A. Cede a la Fundación del Museo Carlos Maside el terreno del lugar del Castro, frente a la fábrica de Cerámicas del Castro, Ltda., en el que se levantarán las dependencias del Museo y se fijarán sus actividades principales. En caso de que por cualesquiera razones la Fundación trasladase el Museo a otro lugar el I.G.A. recuperaría su soberanía sobre el terreno que ahora cede con todas las instalaciones inmobiliarias que tuviese encima, y sin compensación económica alguna”.

Relaciones

-Comunicación a los Patronos de la firma del convenio, u otorgamiento de la escrituración de Estatutos con un resumen de sus conceptos generales y la transcripción del art. 11 por el que cada uno aparece nombrado, anunciándoles que en breve se enviará copia de la escritura constitutiva, convocando la primera Junta para agosto.

-Envío a los Patronos de la copia de la escritura.

-Comunicación a la prensa y a los medios de información y centros de cultura de la constitución de la Fundación con una breve reseña de propósitos.

-Apertura de una cuenta corriente a nombre de la Fundación y en que se ingresarán los fondos dinerarios que tienen hoy el Museo.

-Impresión de papel y fijar las primeras normas para la oficina administrativa y de las relaciones públicas que en un principio tendrán que ser muy hábiles e intensas a fin de promocionar las colaboraciones que posibilitan el desarrollo de la institución.

En la primera Junta

-Nombramiento de Presidente y Secretario (A. Gil y Dónega)

-Nombramiento de la Junta de Gobierno.

-Nombramiento de Director (L. F.)

-Nombramiento de Junta de obras.

-Estudio de los medios económicos con que contará la Fundación.

-Recepción de los fondos de parte de las Sociedades fundadoras.

-Posible comunicación especial al Ayuntamiento de La Coruña y a la Diputación ofreciéndoles con arreglo al art. 11 de los Estatutos un puesto a cada una de ellas en el Patronato, cargo nato de su Presidente o ponentes de Cultura. Haciéndoles ver que de hecho el Museo Carlos Maside se va a convertir no sólo en el gran museo de Arte Moderno de Galicia, sino en el Museo de Arte Gallego Moderno de La Coruña, que estas dos instituciones deberían tomarlo como suyo y, en consecuencia, ayudarlo económicamente en su programa de desarrollo y en su sostenimiento.

-Fomentar una asociación de amigos del Museo Carlos Maside, ofreciendo un cargo del Patronato a un representante de ellos.

A carta inclúe un anexo sobre o Patronato da Fundación do Museo Carlos Maside.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.